



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

Extracto del acuerdo de la Junta de Gobierno Local del 19 de mayo de 2025 por el que se aprueban las bases reguladoras de la convocatoria de subvenciones a asociaciones de empresarios y comerciantes para actividades de promoción económica durante el año 2025

BDNS (Identif.): 836514

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/836514>)

Primero.-Beneficiarios.

Podrán solicitar estas ayudas las asociaciones de empresarios y comerciantes, jurídicamente constituidas, que cumplan los siguientes requisitos:

Carecer de fines de lucro

Tener la sede social y el domicilio fiscal en el Ayuntamiento de Carballo

Desarrollar su actividad dentro del ámbito municipal

No tener pendiente de justificar ninguna subvención o ayuda económica concedida por el Ayuntamiento de Carballo

Estar inscritas en el registro municipal de asociaciones

Estar al corriente de sus obligaciones con la Hacienda Pública, con el Ayuntamiento de Carballo y con la Tesorería de la Seguridad Social

No estar incurso en las causas de incompatibilidad o incapacidad para ser beneficiarias o percibir subvenciones de la administración pública previstas en el artículo 13 de la Ley General de subvenciones 38/2003, de 17 de noviembre.

Dado que la tramitación será telemática, la entidad deberá disponer de una única dirección de correo electrónico durante toda la tramitación del expediente, a la que se dirigirán las comunicaciones, requerimientos y notificaciones a través del representante designado en la solicitud. Excepcionalmente, y de forma justificada, podrá modificar esta dirección inicial, siempre y cuando le notifique la circunstancia pertinente al Ayuntamiento de Carballo.

Segundo.-Objeto

La presente convocatoria de subvenciones tiene por objeto la concesión de ayudas económicas a las asociaciones de empresarios y comerciantes del municipio de Carballo para impulsar acciones de dinamización, programas de formación y actividades de promoción económica local durante el año 2025.

Tercero.- Bases Reguladoras

Las bases reguladoras de esta convocatoria fueron publicadas en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña núm. 99, del martes 27 de mayo de 2025.

Cuarto.- Actuaciones subvencionables

Las actividades subvencionables en esta convocatoria serán las actividades de difusión, promoción y apoyo del tejido empresarial local, la formación y las acciones de dinamización de la actividad económica local.

Los gastos de carácter general de la entidad (personal y gastos corrientes) serán subvencionables cuando se adscriban a la realización de la actividad objeto de subvención con el límite máximo del 50% del presupuesto total subvencionable, lo que deberá quedar suficientemente motivado.

Se excluyen de esta convocatoria los gastos de viajes, manutención, alojamiento y atención protocolaria y los gastos que no se correspondan con los objetivos de la convocatoria. El importe del IVA no será subvencionable cuando sea susceptible de recuperación o compensación por parte de la entidad.

Quinto.- Cuantía

El importe global destinado a la concesión de estas ayudas es de 75.000,00 €.

Sexto.-Plazo de presentación de solicitudes

El plazo para presentar las solicitudes será de veinte (20) días naturales desde la publicación del extracto de convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de a Coruña, a través de la BDNS.

Séptimo.- Plazo de justificación

El plazo para la justificación de las subvenciones finalizará el día 15 de noviembre de 2025

Carballo

21/5/2025

Evencio Ferrero Rodríguez

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local do 19 de maio de 2025 polo que se aproban as bases reguladoras da convocatoria de subvencións a asociacións de empresarios e comerciantes para actividades de promoción económica durante o ano 2025

BDNS (Identif.): 836514

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/836514>)

Primeiro.-Beneficiarios.

Poderán solicitar estas axudas as asociacións de empresarios e comerciantes, xuridicamente constituídas, que cumpran os seguintes requisitos:

Carecer de fins de lucro

Ter a sede social e o domicilio fiscal no concello de Carballo

Desenvolver a súa actividade dentro do ámbito municipal

Non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda económica concedida polo Concello de Carballo

Estar inscritas no rexistro municipal de asociacións

Estar ao corrente das súas obrigas coa Facenda Pública, co Concello de Carballo e coa Tesourería da Seguridade Social

Non estar incursas nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da administración pública previstas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións 38/2003, de 17 de novembro.

Dado que a tramitación será telemática, a entidade deberá dispoñer dun único enderezo de correo electrónico durante toda a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións, requirimentos e notificacións a través do representante designado na solicitude. Excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando lle notifique a circunstancia pertinente ao Concello de Carballo.

Segundo.-Obxecto

A presente convocatoria de subvencións ten por obxecto a concesión de axudas económicas ás asociacións de empresarios e comerciantes do municipio de Carballo para impulsar accións de dinamización, programas de formación e actividades de promoción económica local durante o ano 2025.

Terceiro.- Bases Reguladoras.

As bases reguladoras desta convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 99, do martes 27 de maio de 2025.

Cuarto.- Actuacións subvencionables.

As actividades subvencionables nesta convocatoria serán as actividades de difusión, promoción e apoio do tecido empresarial local, a formación e as accións de dinamización da actividade económica local.

Os gastos de carácter xeral da entidade (persoal e gastos correntes) serán subvencionables cando se adscriban á realización da actividade obxecto de subvención co límite máximo do 50% do orzamento total subvencionable, o que deberá quedar suficientemente motivado.

Exclúense desta convocatoria os gastos de viaxes, manutención, aloxamento e atención protocolaria e os gastos que non se correspondan cos obxectivos da convocatoria. O importe do IVE non será subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación por parte da entidade.

Quinto.- Contía

O importe global destinado á concesión destas axudas é de 75.000,00 €.

Sexto.-Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo para presentar as solicitudes será de vinte (20) días naturais desde a publicación do extracto de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, a través da BDNS.

Sétimo.- Prazo de xustificación

O prazo para a xustificación das subvencións finalizará o día 15 de novembro de 2025.

Carballo

21/5/2025

Evencio Ferrero Rodríguez